

# COOPA ESCUDERIAS



**RALLYMIX 2026**

## 1º Organización

As escuderías Cantera Competición, Scratch Fene, Desguaces Tino Racing, Portas Motor, Cuntis Vila Termal e Barbadás, xunto coa Federación Galega de Automobilismo organizan a **3ª Copa Escuderías de RallyMix 2026**, que se disputará no marco de 6 das 7 probas do Campionato Galego de RallyMix 2026.

---

## 2º Participantes

Poderán participar todos os pilotos que cumpran co disposto no Anexo I do Anuario da Federación Galega de Automobilismo 2026 e que participen nas probas puntuables da copa.

---

## 3º Vehículos admitidos

A copa está reservada exclusivamente para vehículos da **Agrupación 2 (menos de 1600 cc)**.

Non estarán admitidos:

- Vehículos equipados con caixas de cambios secuenciais ou de crabots.
  - Vehículos con modificacións mecánicas non permitidas, como sistemas de admisión directa mediante papillóns.
- 

## 4º Verificacións

En cada unha das probas puntuables para a 3ª Copa Escuderías de RallyMix 2026, os vehículos participantes deberán superar unhas exhaustivas verificacións técnicas.

Estas serán realizadas polo comisario técnico designado para a copa:  
**Víctor Mato Gañete**, con licenza .....

---

## 5º Inscripcións

Unha vez aceptada a inscrición, o participante quedará oficialmente inscrito na copa.

Os interesados deberán formalizar a súa inscrición a través do formulario online dispoñible na páxina web: [www.fga.es](http://www.fga.es)

---

## 6º Probas puntuables

Para 3ª Copa Escuderías de RallyMix 2026, serán puntuables as seguintes probas:

DATA	PROBA	ESCUDERÍA
30 - 31 maio 2026	3º RallyMix Serra de Argallo	Cantera Competición
20 - 21 xuño 2026	1º RallyMix de Guitiriz	Scratch Fene
25 - 26 xullo 2026	5º RallyMix de Ribadumia	Desguaces Tino Racing
28 - 29 agosto 2026	6º RallyMix de Portas	Portas Motor
18 - 19 setembro 2026	9º RallyMix Cuntis V.T.	Cuntis V.T.
24 - 25 outubro 2026	12º RallyMix de Barbadás	Barbadás

---

## 7º Premios

### Premios por proba

- O equipo gañador de cada proba recibirá:
  - Trofeo para o piloto e trofeo para o copiloto, subministrados polo organizador da proba correspondente.

Estes entregaranse na cerimonia oficial de premios de cada proba.

### Premios finais da copa

Os premios finais entregaranse na **Gala de Premios** organizada pola **Federación Galega de Automobilismo**.

#### 1º Clasificado:

- Cheque polo valor das inscricións, para canxear nas 6 probas da tempada 2027.
- Trofeo para piloto e copiloto.

#### 2º Clasificado:

- Cheque polo valor das licencias para piloto e copiloto, para canxear na tempada 2027.

#### 3º Clasificado:

- Cheque polo valor de dúas rodas de terra da marca Pirelli, cedidas por AMF Motorsport

## Condições dos premios

- Os equipos vencedores deberán desfrutar do premio na tempada **2027**, non sendo posible o seu uso noutras tempadas.
  - En caso de renuncia, deberá comunicarse por escrito ao Comité Organizador, podendo o premio pasar ao seguinte clasificado.
  - Se o equipo non pode participar nalgunha proba, poderá ceder o seu dereito a outro participante da copa.
  - No caso de que algunha escudería organizadora non leve a cabo a súa proba na tempada 2027, deberá asumir o custo total das inscricións do equipo gañador.
- 

## 8º Sistema de puntuación

En cada proba puntuable outorgaranse os seguintes puntos:

- 1º clasificado – 25 puntos
- 2º clasificado – 22 puntos
- 3º clasificado – 20 puntos
- 4º clasificado – 18 puntos
- 5º clasificado – 15 puntos
- 6º clasificado – 12 puntos
- 7º clasificado – 10 puntos
- 8º clasificado – 8 puntos
- 9º clasificado – 6 puntos
- 10º clasificado – 4 puntos
- 11º clasificado – 2 puntos
- 12º clasificado – 1 punto

## Clasificación final

- Para optar á clasificación final, os equipos deberán disputar **un mínimo de 5 das 6 probas** que forman parte da 3ª Copa Escuderías de RallyMix.
- Computaranse os **5 mellores resultados** de cada equipo.

No caso de que só se celebren 5 probas, os equipos terán que participar no total das 5 probas e reteranse os 4 mellores resultados de cada equipo.

Se nun último caso, só se disputasen 4 probas, os equipos terán que participar no total das 4 probas e reteranse os 4 mellores resultados, sen descontar ningún resultado.

En caso de empate na clasificación final, o campión será o equipo que máis vitorias posúa, se persiste o empate o que máis segundos postos teña e así sucesivamente. Se aínda segue o empate, resultaría vencedor o que se levase a vitoria na primeira proba da tempada.

---

## 9º Publicidade obrigatoria

Tódolos vehículos deberán levar un parasol no parabrisas traseiro, na parte inferior ou superior co nome da Copa (III Copa Escuderías de RallyMix 2026). En ningún caso estará permitido tapar a publicidade. Non se poderá recortar no ancho, e si recortar e acoplar os laterais do vehículo, sen prexudicar en ningún caso, as publicidades.

### Publicidade obrigatoria 3ª Copa Escuderías de RallyMix 2026



**III COPA ESCUDERÍAS RALLYMIX**